

APPÚntate

ao COMERCIO LOCAL

#EnsancheSCQ

BASES SORTEO NA APP 'SANTIAGO CENTRO VIP'

CONVOCATORIA

- O período da campaña comprende dende o 26 de abril ao 15 de maio de 2024.
- Santiago Centro sorteará 10 bonos agasallo de 50€ cada un, en forma de saldo na App ou na tarxeta de fidelización, entre as persoas que realicen compras por un importe mínimo de 10€ entre as datas citadas, rexistrando esa compra a través da aplicación ou identificándose coa tarxeta "Santiago Centro Vip" nos establecementos adheridos.
- O sorteo será realizado a través da app "Santiago Centro Vip" o día 16 de maio de 2024.
- As persoas gañadoras daranse a coñecer na propia aplicación e a través das redes sociais de Santiago Centro.

REQUISITOS

- Para participar, os clientes deberán estar dados de alta na App "Santiago Centro Vip" (dispoñible en Android e iOS) ou estar en poder da tarxeta de fidelización previo rexistro nun comercio adherido.
- Deberán identificarse no establecemento no momento de efectuar a compra.
- Entrarán no sorteo todas as persoas que realicen algunha compra por un valor mínimo de 10€ no período sinalado anteriormente.
- O sorteo farase por compras realizadas, de xeito que os usuarios terán tantas oportunidades de obter premio no sorteo como número de compras realicen.
- O saldo de regalo será canxeable nos comercios adheridos a "Santiago Centro Vip" a partir do sorteo. O período de canxe será entre o 16 de maio e o 30 de maio do 2024.
- A partir do 30 de maio de 2024, o saldo obtido con esta promoción e non utilizado desaparecerá das contas dos usuarios.

INCIDENCIAS

As posibles incidencias sobre o canxe do saldo pódense comunicar a Santiago Centro no correo info@santiagocentro.gal



Por compras realizadas entre o 26 de abril e o 15 de maio de 2024

Colabora:

santiago centro
área comercial

XUNTA
DE GALICIA

CONCELLO DE
SANTIAGO